



BASES PARA A REALIZACIÓN DO SORTEO PARA A SELECCIÓN DOS BENEFICIARIOS DE "ACTIVIDADES DE CAMPAMENTOS DIRIXIDAS A MOZOS E MOZAS DE ORIXE GALEGA OU DESCENDENTES DE GALEGOS E QUE RESIDEN NO EXTERIOR", CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 9 DE MARZO DE 2007 DA SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN.

Por resolución do 9 de marzo de 2007, publicada no Diario Oficial de Galicia número 55 do 19 de marzo de 2007, a Secretaría Xeral de Emigración convoca e regula o programa de axudas para a participación en actividades de campamentos dirixidos a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de galegos que residen no exterior.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e transcorrido o prazo de emenda da documentación por parte dos interesados, elaboráronse as listas definitivas de admitidos e excluídos, que foron publicadas na páxina web da Secretaría Xeral de Emigración (www.galiciaaberta.com) en data 28 de maio.

En aplicación do artigo 7º (puntos 5. e 6) da resolución de convocatoria, o cadro definitivo de prazas por países e tramos de idade e o seguinte:



CADRO DEFINITIVO DE DISTRIBUCIÓN DE PRAZAS:

<i>PAÍS</i>	<i>14-17 ANOS</i>		<i>18-20 ANOS</i>		<i>TOTAL</i>
	<i>1-15 XULLO</i>	<i>17-31 XULLO</i>	<i>17-31 XULLO</i>		
			<i>20 ANOS</i>	<i>18 e 19 ANOS</i>	
<i>ARXENTINA</i>	<i>44</i>	<i>38</i>	<i>37</i>	<i>37</i>	<i>156</i>
<i>BRASIL</i>	<i>0</i>	<i>15</i>	<i>8</i>	<i>7</i>	<i>30</i>
<i>URUGUAI</i>	<i>35</i>	<i>19</i>	<i>12</i>	<i>11</i>	<i>77</i>
<i>VENEZUELA</i>	<i>28</i>	<i>19</i>	<i>7</i>	<i>7</i>	<i>61</i>



<i>PAÍS</i>	<i>14-17 ANOS</i>		<i>18-20 ANOS</i>	<i>TOTAL</i>
	<i>1-15 XULLO</i>	<i>17-31 XULLO</i>	<i>17-31 XULLO</i>	
<i>CHILE</i>	<i>1</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>1</i>
<i>MÉXICO</i>	<i>0</i>	<i>4</i>	<i>1</i>	<i>5</i>
<i>PERÚ</i>	<i>0</i>	<i>1</i>	<i>1</i>	<i>2</i>
<i>EUROPA</i>	<i>1</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>1</i>
<i>ESPAÑA</i>	<i>8</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>8</i>
<i>TOTAL XERAL</i>	<i>117</i>	<i>96</i>	<i>128</i>	<i>341</i>

Tendo en conta que o número de admitidos é superior ao de prazas convocadas para diversos países e tramos de idade, será precisa a realización dun sorteo público que terá lugar ante o notario D. José Manuel Amigo Vázquez o luns 11 de xuño de 2007 ás 09:30 horas, nas dependencias da notaría, na rúa Montero Ríos, 17, baixo, en Santiago de Compostela.

No cadro seguinte sinálanse os países e tramos de idade para os que é preciso sortear as prazas.



Anexo	País	Idade	Prazas	1.15 xullo	17-31 xullo
I	Arxentina	14-17 anos	82	44	38
II	Arxentina	18-19 anos	37	0	37
III	Arxentina	20 anos	37	0	37
IV	Brasil	14-17 anos	15	0	15
V	Brasil	18-19 anos	7	0	7
VI	Uruguai	14-17 anos	54	35	19
VII	Uruguai	18-19 anos	11	0	11
VIII	Uruguai	20 anos	12	0	12
IX	Venezuela	14-17 anos	47	28	19
X	Venezuela	18-19 anos	7	0	7
XI	Perú	18-20 anos	1	0	1

O sistema de sorteo que se establece será o seguinte:

1.- Utilizarase un bombo con 29 bolas numeradas do 1 ao 29. Establécese unha correspondencia entre números e letras do abecedario da "A" á "Z", de xeito que o 1 corresponda á letra A, o 2 á letra B, etc...

2.- Procederase a dous sorteos :

1º para solicitantes *menores de idade* (14-17 anos)



2º para os solicitantes *maiores de idade* (18-20 anos). Tendo en conta que nos países de Arxentina, Brasil, Uruguai e Venezuela distribúense un número de prazas determinadas para os de 20 anos e outro número de prazas para 18-19 anos. A letra extraída neste 2º sorteo aplicarase tanto para os de 20 anos como para os de 18-19 anos.

Iniciarase a selección dos beneficiarios escollendo aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra extraída no sorteo e seguirase por orde alfabética do 1º e, no seu caso, o 2º apelido e nome ata completar o cupo que por idade e quenda teña asignado cada país.

(Exemplo: En Arxentina os primeiros 44 seleccionados de 14-17 anos, cubrirán as prazas da primeira quenda de xullo e os 38 restantes para as prazas da segunda quenda de xullo).

3.- No caso de coincidir os apelidos e nome entre varios solicitantes para a última praza no mesmo tramo de idade e país, seleccionaríase ao solicitante de maior idade.

4.- Xúntase os listados enumerados por países e tramos de idade, ordenados por orde alfabético e data de nacemento.

5.- Xúntase cadro do abecedario segundo a Real Academia Española da Lingua cos números e letras correspondentes.

De acordo co exposto, resolvo aprobar nos seus propios termos as bases expostas.

Santiago de Compostela, a 7 de xuño do 2007

O secretario xeral de Emigración

Manuel Luís Rodríguez González